



CONTOS E LENDAS

DATOS XERAIS: O campamento terá lugar nas instalacións do colexio Guillelme Brown, situado no concello de Pereiro de Aguiar, a 3 quilómetros de Ourense, cunha superficie de 21 metros cadrados.

Conta con espazos abertos con: bosque autóctono, espazos axardinados, charcas, hora, parque infantil, piscina, pavillón polideportivo cuberto, pista polideportiva exterior, rocódromo, porche con zona de xogos. Espazos pechados: cociña con servizo propio, comedor, dormitorios habilitados con capacidade para 50 prazas con camas individuais, baños, vestiarios, duchas, biblioteca, aula de psicomotricidade, sala de usos múltiples e salas de realización de obradoiros.

ACCESOS: Dende Ourense pola estrada OU-536 ata Pereiro de Aguiar, e logo seguir indicacións ata Colexio Guillelme Brown.

<https://maps.app.goo.gl/YqcgrPb6pi3aBUNz5>

ENDEREZO: A Merteira s/n, Castadón - 32710, Pereiro de Aguiar (Ourense)

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
01-08 agosto	13-14-15-16	CONTOS E LENDAS • ACTIVIDADES XERAIS: A temática contos e lendas inspirará as actividades diarias, así como dinámicas de teatro, obradoiros, expresión corporal, así como actividades deportivas, natureza, excursión, piscina e veladas nocturnas. • OBXECTIVOS: fomentar unha boa convivencia e coñecemento mutuo dos participantes, as relacións sociais e a amizade, desenvolvemento persoal e a súa autonomía, fomentar a creatividade, fomentar o aproveitamento dos recursos naturais, traballo en equipo, cultivar hábitos ecolóxicos e coñecer os costumes e cultural da zona aproveitando os contos e lendas para coñecer da nosa cultura.



NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.
Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
8. Na páxina web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", estará dispoñible o modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** no Colexio Guillelme Brown, Lgar. A Merteira s/n, Castadón - 32710, Pereiro de Aguiar (Ourense)

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono 639 97 22 90 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **10.00 e as 13.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Mochila, bolsa ou maleta
- Mochila pequena para saídas
- Saco de durmir
- Chuvasqueiro
- Sudadeiras, forro polar ou xerseis
- pantalóns curtos e longos
- Camisetas de manga curta e longa
- mudas e calcetíns para toda a estancia
- pixama
- calzado deportivo e cómodo
- sandalias para a ducha
- traxes de baño
- utensilios de aseo
- toalla de baño, aseo e piscina
- protección solar e hidratante para despois do sol
- gorra para o sol
- cantimplora e lanterna
- caderno e bolígrafo
- bolsa para a roupa sucia

O horario básico da quenda será o seguinte:

<i>HORARIO BASE</i>	
08.30h	erguerse
09.00h	Almorzo, aseo e arranxo das habitacións
09.30h	Activa-t
10.30h	Actividades da mañá
14.00h	Xantar
15.15h	Tempo libre/xogos
16.00h	Actividades de tarde/piscina/merenda/duchas
21:00h	Cea
21.30h	Tempo libro xestionado
22.15h	Velada
23.45h	Deitarse
	**Este horario poderá sufrir modificacións por razón de actividades puntuais como excursións